

*Memoria
Económica da
Facultade de Bioloxía*

2014



Centro certificado
FIDES-AUDIT

MEMORIA ECONÓMICA DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

EXERCICIO DE 2014

INTRODUCCIÓN

O artigo 25 das "Normas de Desenvolvemento do Orzamento 2014" establece que *"Os decanos, directores de escola, directores de departamento e os coordinadores de programas oficiais de posgrao e títulos propios, co apoio dos administradores de centro, ámbito ou campus elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. ..."*.

O Presuposto asignado á Facultade de Bioloxía, correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio económico de 2014 ascendeu a 76.463,00€, a esta cantidade deben engadirse as transferencias e xeracións de crédito, quedando un Crédito Definitivo de 132.355,87 €.

As Facultades de Bioloxía, Ciencias do Mar e Química comparten espazo no Edificio de Ciencias Experimentais, asignándose os créditos relativos a "Reparación, Mantemento e Conservación", e "Subministración de Administración", que son comúns, a Facultade de Ciencias do Mar.

A título informativo, compre sinalar que os gastos relativos o art. 21 ascenderon a 77.216,36 € e se destinaron fundamentalmente a mantemento de maquinaria, instalacións e utensilios do Centro, sendo os gastos principais por este concepto os relativos a mantemento de ascensores, grupo electrógeno, calefacción, sistema contra incendios, reparacións de diversas instalacións, etc.

Polo que respecta ós gastos de "Subministracións administrativas", a cantidade presupostada ascendeu a 392.000€, neste exercicio económico, a diferenza do anterior, o crédito foi suficiente para atender o gasto do Centro debido ao descenso do custo de gasóleo. Os gastos principais que soporta este concepto son os relativos a electricidade, gasóleo e material de mantemento do centro.

GASTOS POR CONCEPTOS

Concepto 213 e 215

No concepto 213 recóllense aqueles gastos correspondentes a reparacións e mantemento de maquinaria, instalacións e utensilios da Facultade, nembargantes, tendo en conta que os gastos de mantemento de maquinaria e instalacións se contabilizan no concepto correspondente da Facultade de Ciencias do Mar, a este concepto so se imputou un gasto de 375,32 euros.

No concepto 215 inclúense gastos de reparación de mobiliario e equipamento, sendo os gastos mais frecuentes os seguintes: reparación de ordenadores e impresoras, mantemento de máquinas e aparatos de laboratorio, etc, A dotación de 4.000 euros que a Facultade tiña para este concepto foi insuficiente polo que para atender tódolos los gastos de reparación de equipos de laboratorio, se fixo necesario transferir 1.000 euros dende sumistros de docencia.

Concepto 220

Imputáronse a este concepto principalmente os gastos derivados de material de oficina, prensa, fotocopias, papel, toner, etc., relativos ás diferentes áreas de coñecemento e servizos administrativos da Facultade.

O gasto total ascendeu a 4.910,48 €.

Concepto 221

221.02.- De docencia". O crédito inicial foi de a 40.143,00 €. Os gastos imputados son os relativos a material funxible de laboratorios docentes. O importe gastado neste exercicio ascendeu a 38.823,26 €

Concepto 222 e outros

Os gastos efectuados neste apartado son os que de seguido se indican:

222 "Comunicacións" 494,65 €
226.09 "Cotas organismos" 150,00€
227.09 "Traballos realizados por outros" 4.694,73
230"Indemnizacións por razóns de servicio" 1.670,00 €

Concepto 223. Transportes

O gasto principal deste concepto e o relativo a prácticas de campo dos alumnos, ascendendo o mesmo neste exercicio económico a 5.008,19 euros.

Concepto 226.01

Para estes gastos "atencións protocolarias" a dotación de crédito inicial ascendeu a 2.300,00 €, destinándose principalmente a organizalos actos de entrega de diplomas ós licenciados da titulación.

Concepto 226.99

Neste concepto distribuíse o plan de calidade docente de centros, que supuxo para a Facultade unha dotación de 11.921,11 euros, dos que se transferiron 5.000.-para o concepto 625 "Mobiliario e equipamento", e o resto se gastou, principalmente, nunha nova páxina web da Facultade, traballos extras dos becarios de apoio a calidade e diverso material para aulas.

Concepto 625

A cantidade presupostada para "Mobiliario e Equipamento" ascendeu a 10.000.- euros, incrementándose en 5.000.-, procedentes do concepto 226.99 "Gastos diversos".

O crédito estivo destinado fundamentalmente a adquisición de , ordenadores para aulas e préstamo, dotación de cortinas para laboratorios, paneles expositores e diverso equipamento para as unidades administrativas do ámbito de Ciencias Experimentais.

Concepto 626

Este é un concepto centralizado e a Facultade recibe a dotación de crédito, que neste exercicio ascendeu a 42.313,32 euros, mediante redistribución efectuada polo Vicerrectorado de Calidade e Innovación. Este importe foi repartido entre as diferentes áreas de coñecemento para adquisición de equipamento para os laboratorios de docencia.

ANEXO I

111LL00 Servizo de xestión descentralizada

9 FACULTADE DE BIOLOXÍA

EPÍGRAFE	CONCEPTO	CREDITO DEFINITIVO	PAGOS	COMPROMISOS	DISPONÍBLE
212	Rep. de edificios e outras construcións	0,00	0,00	0,00	0,00
213	Rep. de maquinaria e instalacións	0,00	375,32	0,00	-375,32
215	Rep. de mobiliario e equipamento	5.000,00	4.624,68	0,00	375,32
220	Material de oficina	6.500,00	4.910,48	0,00	1.589,52
221.01	Subministracións administrativas	5.000,00	3.242,15		1.757,85
221.02	Subministracións de docencia	39.143,00	38.823,26		319,74
222	Comunicacións	2.600,00			2.600,00
222.01	Comunicacións telefónicas		475,36	494,65	-970,01
222.03	Comunicacións postais				0,00
223.00	Transportes. Ordinario empresas privadas	4.650,00	5.008,19		-358,19
226.01	Atencións protocolarias	2.300,00	2.300,00		0,00
226.02	Publicidade e propaganda	1.200,00	1.065,03		134,97
226.09	Cotas organismos		150,00		-150,00
226.99	Outros gastos	6.979,55	845,40		6.134,15
227.09	Traballos realizados por outros		4.694,73		-4.694,73
230.01	Axudas de custo e locomoción. Admón	1.670,00	1.670,00		0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	75.042,55	68.184,60	494,65	6.363,30
					0,00
625	Mobiliario e equipamento	15.000,00	15.000,00	0,00	0,00
626	Equipamento docente laboratorios	42.313,32	42.313,32	0,00	0,00
VI	Investimentos reais	57.313,32	57.313,32	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		132.355,87	125.497,92	494,65	6.363,30